

ESCOLA DE SIMULACIÓN

A simulación médica avanzada permite recrear **escenarios que imitan contextos reais** de actuación da forma máis fiel posible para facilitar a aprendizaxe, a práctica e a asimilación de habilidades no coidado da saúde.

A Axencia de Coñecemento en Saúde pon á disposición dos profesionais do Servizo Galego de Saúde a **Escola de Simulación Médica Avanzada**, cunha dotación de recursos que a sitúa ao mesmo nivel de calidade que calquera centro de referencia do mundo.

Equipamento. A Escola de Simulación conta con **equipos de última tecnoloxía** que fan posible o adestramento de habilidades en situacións moi fieis á realidade:

- **Simuladores avanzados.** Trátase de manequíns interactivos que permiten ao alumno practicar o diagnóstico e o tratamento e ao instructor cambiar de forma remota as condicións do paciente. Están dotados de respiración espontánea, control de vía aérea, voz, sons, presión sanguínea e electrocardiograma. O centro está dotado de dous manequíns:
 - **SimBaby.** Simulador do paciente lactante para adestramento de emerxencias con cativos acabados de nacer e bebés.
 - **SimMan 3G.** Simulador do paciente adulto altamente sofisticado, sen cables e con capacidade para ser controlado de xeito remoto por varios instructores.
- **Dispositivos para practicar técnicas de atención en urxencias:**
 - Fibrobronoscopios de última xeración.
 - Respiradores de transporte, alta frecuencia oscilatoria e en modalidades de ventilación non invasiva.
 - Manequíns de adestramento de vías venosas centrais.
 - Manequíns de adestramento de punción lumbar.
 - Manequíns de adestramento de toracocentese.
 - Material necesario para o adestramento avanzado na asistencia ao politraumatismo.
 - Cabezas de intubación.
 - Dispositivos para a videolaringoscopia.
 - Módulos de avaliación da calidade das compresións torácicas.

Modelo de aprendizaxe. Mentres un grupo de profesionais resolve o caso clínico proposto, o resto obsérvano e despois valoran a actuación en tempo real na sala de sesións. As intervencións dos participantes no caso clínico simulado rexístranse en tempo real en audio e vídeo para ser **discutidas posteriormente cos instructores e os compañeiros**. Esta dinámica favorece a corrección dos posibles erros cometidos e permite optimizar o proceso da aprendizaxe.